



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Deportes

*Aprobación das bases reguladoras para a concesión de bolsas para deportistas en réxime de concorrencia competitiva*

##### ANUNCIO

#### APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA ANO 2024.

O Pleno da Corporación Municipal en sesión Ordinaria celebrada o xoves 29 de febreiro de 2024 aprobou as bases reguladoras da concesión de bolsas para deportistas en réxime de concorrencia competitiva.

De conformidade co artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra dito acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

#### **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

##### **Normativa aplicable:**

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (R.D. 887/2006 e Decreto 11/2009), convócanse bolsas a deportistas individuais do Concello de Arteixo durante o presente ano.

##### **1. Finalidade e obxecto**

O Concello de Arteixo ten como obxectivo mellorar as condicións de vida das persoas que residen no municipio, podendo realizar a actividade municipal para o desenvolvemento das súas políticas públicas tanto de forma directa como indirecta, favorecedendo a realización por parte de persoas ou colectivos, de actividades de interese xeral. A actividade de fomento é aquela actividade administrativa dirixida a satisfacer de maneira indirecta determinadas necesidades de carácter público, promovendo a acción das persoas particulares mediante o outorgamento de diferentes incentivos que a fagan posible. As subvencións son as ferramentas que permiten orientar a actividade das persoas particulares, así como a consecución dos obxectivos por quen pode estar en mellor disposición de alcanzalos e por quen pode axilizar a súa execución.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu preámbulo, expón que unha parte importante da actividade financeira do sector público se canaliza a través de subvencións co obxecto de dar resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades a través de medidas de apoio financeiro.

Esta lei, no seu artigo 8.1, establece como elemento de xestión e instrumento de mellora a conveniencia de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións que permita relacionar os obxectivos e acadar os efectos que se pretenden conseguir cos custos previstos e a súa financiación. A finalidade é a de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles.

Por este motivo o Concello de Arteixo realizou un Plan Estratéxico, que foi aprobado con data de 28 de marzo de 2018 no Pleno do Concello de Arteixo, e no que se contemplan as áreas e materias a fomentar, así como os obxectivos e efectos que se pretenden acadar co outorgamento das subvencións. Este Plan foi aprobado inicialmente para o período 2018-2021 (BOP número 64 de 5 de abril de 2018), e foi prorrogado durante o exercicio 2022 tendo unha vixencia de tres anualidades, polo que abarca o período 2023-2025, desde o 1 de xaneiro do ano 2023 hasta o 31 de decembro do 2025.

Dentro do Plan Estratéxico Municipal recóllense diferentes obxectivos, tanto prioritarios como estratéxicos, sendo estes últimos aqueles que proporcionan o marco para establecer a planificación a medio prazo da actividade de fomento do concello. Estes obxectivos estratéxicos desagreganse noutros obxectivos específicos.

Entre os diferentes obxectivos estratéxicos deste plan está a Educación e o Deporte, que se desagregarían entre outros, nos obxectivos específicos de Facilitar e estimular o acceso ao cidadán á actividade físico-deportiva, apoiar ás entidades deportivas de Arteixo e fomentar o deporte federado.

Neste PES, para acadar os obxectivos propostos, recóllense diferentes liñas de subvencións, sendo unha delas a Línea de Promoción do Deporte, que da lugar a distintos programas de subvencións.

Ao amparo deste Plan Estratéxico de Subvencións Municipal e seguindo as directrices do mesmo, realízase a convocatoria das Bolsas por concorrencia competitiva para deportistas do concello de Arteixo.

O obxecto desta convocatoria vén a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril do deporte de Galicia.

A finalidade destas bases e da convocatoria correspondente é a promoción e fomento do deporte, apoiando actividades realizadas no Concello de Arteixo no presente ano natural por deportistas que practican deportes con carácter individual. O Concello de Arteixo, dentro das súas competencias de promoción do Deporte, é consciente das dificultades que teñen moitos deportistas individuais para poder levar a cabo os seus adestramentos e competicións, polo elevado custo que supoñen os desprazamentos, licenzas federativas, equipamento..., e por este motivo considera necesario aprobar unha liña de axudas a deportistas individuais que teñan o carácter de bolsas. En concreto, estas bolsas convócanse para apoiar a deportistas de Arteixo practicantes de deportes individuais como (natación, pádel, salvamento, triatlón, judo, patinaxe, tiro con arco, ciclismo, deportes de motor, atletismo, montañismo, surf...), como medio de apoio e promoción do deporte de Arteixo e, deste xeito, acadar logros deportivos para o Concello de Arteixo:

- Bolsas aos deportistas arteixáns individuais que acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguran unha proxección futura para o deporte de alta competición. As axudas obxecto desta convocatoria irán dirixidas a consolidar a progresión do rendemento dos deportistas.

## 2. Beneficiarios

Deportistas arteixáns individuais que acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguran unha proxección futura para o deporte de alta competición:

- Estar empadroadado no Concello de Arteixo, cunha antigüidade mínima de dous anos consecutivos, no momento da solicitude.
- Que destaquen por resultados en competicións oficiais de ámbito autonómico, nacional ou internacional nas dúas tempadas anteriores á actual, excepto, competicións máster ou similar, xa que son categorías que están excluídas nestas bolsas.
- Que estean en posesión da licenza de federado expedida ou tramitada pola correspondente federación deportiva (non se valorarán as licenzas máster ou similar).
- Teñan entre os 12-30 anos cumpridos ou a cumprir no ano da convocatoria (ambos incluídos).
- Competir, no tempada da solicitude, en eventos/probas deportivas de relevancia autonómica, nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións.
- Acreditar nivel deportivo na especialidade, nas dúas tempadas anteriores á actual, ser medallista en campionatos autonómicos, nacionais ou internacionais da especialidade deportiva e/ou ter recoñecido DAN e/ou DGAN e/ou ser bolseiro/a nalgún dos centros de alto rendemento autonómico ou nacional.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario da axuda (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria:
  - Todos os deportistas practicantes de modalidades colectivas (fútbol, baloncesto, balonmán, rugby, hockey...) e de deportes autóctonos.
  - Deportistas que estean cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- Características das bolsas. Hai diferentes tipos de bolsas que se relacionan a continuación, e cada deportista deberá indicar unicamente unha delas para indicar a cal vai optar.
  - Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Mundiais.
  - Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Europeos ou competicións de ámbito europeo que teñan valor para clasificarse para campionatos europeos (mellorando o ranking nacional da federación española que corresponda).

- Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Nacionais de España ou competicións nacionais que teñan valor para clasificarse para campionatos nacionais ou europeos (mellorando o ranking nacional da federación española que corresponda).
- Bolsas para deportistas individuais medallistas en Campionatos autonómicos.

### 3. Crédito orzamentario

Para cada exercicio, será o que se verifique e aprobe na correspondente convocatoria.

### 4. Obrigas dos beneficiarios

- Os/as solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 e 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario de subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do referido artigo 10 da Lei 9/2007.
- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa municipal.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Dar a axeitada publicidade ao financiamento municipal das actividades subvencionadas en calquera evento ou actividade relacionada coa entidade.
- Someterse a actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

### 5. Documentación a achegar, segundo modelos normalizados específicos na convocatoria anual

- Solicitude da Bolsa segundo modelos normalizados e cubertos en formato electrónico, non valerán manuscritos.
- Certificado federativo sobre a participación e clasificación nas competicións durante as dúas tempadas anteriores á da solicitude.
- Aquelas persoas que teñan recoñecido o DAN e/ou DGAN e/ou ser bolseiras nalgún dos centros de alto rendemento de ámbito autonómico ou nacional, deben presentar a documentación acreditativa de dita situación.
- Proxecto deportivo, a desenvolver durante a tempada deportiva actual en función dos deportes practicados da solicitude, no que se incluírá necesariamente:
  - Data, lugar, número e duración das competicións.
  - Nivel da competición (nacional, internacional).
  - Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
- Copia da licenza federativa para a tempada correspondente.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de prohibición para obter axudas públicas de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Xustificante do Padrón Municipal con data de alta.
- Certificado dun número de conta corrente do que sexa titular o solicitante.

A documentación a presentar polos solicitantes, agás que se dispoña outra cousa, terá que ser presentada en orixinais ou fotocopias compulsadas, e estar referida sempre como límite máximo á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

Calquera eiva, erro ou ausencia na documentación requirida terá que ser emendada nun prazo máximo de dez días.

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na documentación achegada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da axuda solicitada ou reintegro, sen prexuízo das restantes responsabilidades que se deducisen.

### 6. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo que se estableza na correspondente convocatoria anual.

## 7. Comisión avaliadora

A valoración das solicitudes e documentación achegada se efectuará por unha Comisión Avaliadora, formada por:

- Dous técnicos de Deportes.
- Un/unha concelleiro/a do Concello de Arteixo

A concesión das bolsas corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía – Presidencia. A dotación para as bolsas dos deportistas individuais será a consignada na aplicación orzamentaria 340.481.00 na correspondente convocatoria anual.

Esta axuda é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas.

En cada convocatoria anual específica, a distribución do crédito para cada un dos tipos de bolsa indicados, dependerá do número de solicitudes presentadas, e do número de proposicións económicas que se orienten en maior ou menor densidade cara cada un dos tipos de bolsas, encadrados nos criterios sinalados, co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

Cada deportista deberá presentar unha única solicitude de bolsa, indicando de modo claro o tipo de axuda e a modalidade deportiva para a que solicita dita axuda. Polo tanto, só poderá solicitarse e concederse unha única bolsa por persoa.

Non obstante, a Comisión Avaliadora poderá cambiar o tipo de bolsa sinalada por cada deportista, se entende que a elección non se corresponde cos méritos acreditados polos deportistas.

## 8. Procedemento de avaliación de solicitudes.

No suposto de ter máis solicitudes para algunha das bolsas establecidas, seguirase o seguinte criterio:

- a) Que a persoa deportista individual pertenza a un club radicado no Concello de Arteixo.
- b) No suposto de continuar a situación anterior, valorarase o historial deportivo das dúas tempadas anteriores á actual (solicitarase no suposto de ser necesario) acreditado pola federación correspondente. Cos seguintes baremos:
  - Ter participado en campionatos do Mundo. 5 puntos por tempada.
  - Ter participado en Campionatos de Europa. 4 puntos por tempada.
  - Clasificación entre os seis primeiros en campionatos de Europa. 4 puntos por tempada.
  - Clasificación entre os seis primeiros en campionatos de España. 2 puntos por tempada.
  - Ser medallistas en campionatos de Galicia. 1 punto por tempada.

En caso de persistir o empate, terase en conta a posición acadada nos campionatos de referencia e as clasificacións en diferentes probas de relevancia.

O importe global distribuirase, en función do número de solicitudes e tipo de cada beca, cos seguintes límites con carácter xeral, podendo sufrir variacións:

- 1) Bolsas destinadas a participar en Campionatos do Mundo: 1 beca
- 2) Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Europeos, ou competicións de ámbito europeo que teñan valor para clasificarse para campionatos europeos (mellorando o ranking nacional da federación española que corresponda): 1 beca
- 3) Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Nacionais de España ou competicións de ámbito nacional que teñan valor para clasificarse para campionatos nacionais (mellorando o ranking nacional da federación española que corresponda): 6 becas
- 4) Bolsas para deportistas individuais medallistas en Campionatos autonómicos: 10 becas

A Comisión Avaliadora quedará facultada para a modificación do número de becas indicadas si como consecuencia das solicitudes presentadas existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior ou menor densidade a calquera das actividades deportivas encadradas nos catro grupos sinalados co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria. É dicir, pódese cambiar o número de becas definido para cada tipo de bolsa, pero tamén pode variar o número total de bolsas e redistribuírse en función das solicitudes.

## 9. Acordo de concesión e notificación.

Elaborada a proposta de concesión pola comisión técnica, darase traslado á Intervención a efectos da súa fiscalización previo acordo de concesión.

O acordo de concesión, deberase notificar expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna no prazo máximo de 2 meses contados a partir da data de resolución do programa, e será exposta ao público nos taboleiros de anuncios do concello.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

## 10. Xeito de pago

Dadas as características das persoas destinatarias das bolsas deportivas, a contía das mesmas así como a natureza das iniciativas obxecto de axuda, acordarase o pago anticipado da bolsa outorgada, que se tramitará de oficio polo órgano instructor unha vez xustifiquen mediante certificado federativo que ten cumprido co 50% do programa deportivo para o ano en curso. Unha vez xustificado debidamente o 100% do programa deportivo así como a publicidade, realizarase o pago do 50% restante. Coa retención que corresponda en concepto de IRPF.

## 11. Prazo e xeito de xustificación

A documentación xustificativa da bolsa de deportista deberá presentarse ante o Concello de Arteixo, unha vez desenvolvido o programa deportivo en todo caso antes do 30 de Novembro do ano en curso.

A falla de presentación da documentación neste prazo suporá a perda do dereito ao cobro da bolsa outorgada e o reintegro do primeiro prazo percibido, xunto cos xuros de demora correspondentes, sen ter en conta as responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.

As persoas beneficiarias da bolsa deportiva virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas, debendo presentar a seguinte documentación xustificativa:

- a) Certificación da federación deportiva correspondente, acreditativa dos resultados obtidos na tempada en curso.
- b) Documentación acreditativa da publicidade realizada da axuda concedida polo Concello de Arteixo nas competicións obxecto da convocatoria (fotografías, prensa, vídeo, RRSS). Deberase facer constar no uniforme, material ou equipamento de competición o logo do Concello de Arteixo, así como, no suposto de dispoñer de páxina web ou redes sociais, deberase facer constar que o deportista recibe unha axuda municipal e colocar o logotipo municipal.

**12. Infraccións e sancións** (Aprobación definitiva da Ordenanza municipal nº 26 reguladora da concesión de subvencións municipais do Concello de Arteixo).

Infraccións: Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, artigos 56 a 58, e serán punibles incluso a título de simple negligencia. Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas, que por acción u omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións nesta lei. As accións ou omisións tipificadas nesta lei non darán lugar a responsabilidade nos seguintes supostos:

- Cando se realicen por quen carezan de capacidade de obrar.
- Cando concorra forza maior.
- Cando deriven dunha decisión colectiva, para quen tiveran salvado o seu voto ou non tiveran asistido á reunión na que se tomou aquela.

As infraccións leves, graves e moi graves, serán as tipificadas nos artigos 56 a 58 da Lei 38/2003; e as sancións por infracción leve, grave e moi grave serán as establecidas nos artigos 61 a 63 da citada norma.

As infraccións prescribirán ao cabo de catro anos dende o día en que se tivera cometido. O procedemento sancionador é o regulado no RD 1398/1993, de 4 de agosto que aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

No caso do incumprimento da obriga da publicidade institucional reflectida no punto 11.b de estas bases reguladoras, aplicarase unha sanción de ata o 30% do importe da subvención.

Arteixo a 8 de marzo de 2024

O Alcalde-Presidente

Asdo. Carlos Calvelo Martínez

2024/1634